

REGULAMENTO DA LIGA UNIVERSITARIA VOLEIBOL (CATEGORÍA MIXTA)

Índice

- 1. Modalidades deportivas**
- 2. Participación e inscricións**
- 3. Sistema de competición**
- 4. Normativa**
- 5. Faltas, sancións e recursos**
- 6. Aprazamentos**
- 7. Material**
- 8. Asistencia médica**

1. Modalidades deportivas

A Área de Deportes da Universidade da Coruña organiza as ligas universitarias mixtas, no campus da Coruña nas seguintes modalidades deportivas:

- Fútbol 7
- Fútbol Sala
- Baloncesto
- Voleibol

2. Participación e inscricións

Poderán participar nas ligas universitarias, todos os membros da comunidade universitarias (alumnado, PDI, PAS ou PEC).

Os equipos participantes poderanse constituír de forma libre, independentemente do centro, departamento ou servizo ao que pertencen os seus integrantes.

Todos os integrantes do equipo deberán ser abonados/as (Abono Deporte) da Área de Deportes no curso académico corrente.

Cada equipo nomeará un/ha responsable ou capitán/á, que debe facerse responsable de canto atinxa ao seu equipo e será a persoa de contacto coa Área de Deportes. É importante que o capitán sexa a mesma persoa durante o desenvolvemento da liga e proporcione o seu **endereço de correo electrónico da UDC (*usuario@udc.es*)**, pois será este, xunto co teléfono móbil para casos excepcionais, o medio de comunicación utilizado. No caso de sufrir algunha modificación, debe notificarse á Área de Deportes.

Os datos da persoa responsable do equipo (nome e apelidos, e correo electrónico da UDC), así como o do resto dos xogadores poderán ser empregados e publicados para o correcto desenvolvemento da competición, de acordo o establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e segundo o asinado no momento da inscrición na páxina web.

Inscripcións

A inscrición dos equipos na Liga Universitaria é gratuíta (o único requisito é estar matriculado no curso académico actual e estar dado de alta como abonado á Área de Deportes)

Realizarase exclusivamente a través da páxina web da Área de Deportes (www.udc.gal/deportes), nos respectivos campus e dentro do apartado de *competicións internas > ligas universitarias*.

O/a responsable ou capitán/á do equipo será a única persoa autorizada pola aplicación informática para inscribir os membros do equipo, os cales se fixeron, previamente e de forma individual, abonados da Área de Deportes.

Ningún xogador/a poderá inscribirse en dous equipos diferentes da mesma modalidade deportiva na mesma temporada. No caso de que alguén se inscriba en diferentes equipos de diferentes modalidades deportivas, a Área de Deportes non se fará responsable das posibles coincidencias no calendario de partidos.

O nome do equipo será o nome do centro, servizo ou departamento do/a responsable ou capitán/á do equipo, acompañado dun número de orde no momento da inscrición. Este nome será asignado automaticamente pola aplicación informática. Co fin de facilitar a visualización do calendario e resultados na páxina web, poderán aparecer siglas ou abreviaturas dos diferentes centros acompañado por un número de orde (exemplo, DER1 ou EPS2)

Durante a competición poderán realizarse altas e baixas de xogadores/as ao longo de toda a fase regular da liga, **agás nas dúas últimas xornadas**, sempre que non se supere o número máximo permitido por equipo. Despois desta fase non se permitirán modificacións nos equipos.

Todas estas modificacións deberán realizarse a través da aplicación da web polo/a capitán/á do equipo.

Non se aceptarán inscricións daqueles equipos que non teñan o número **mínimo de xogadores/as esixido por cada modalidade deportiva co seu correspondente número de abonado**. Neste caso, o equipo perderá a súa condición de inscrito e

non poderá participar na competición (non se devolverá o importe de inscrición do Abono Deporte).

Máximos e mínimos por modalidade deportiva:

Modalidade	Máximo	Mínimo
Voleibol	12	8

Cada equipo ten dereito a **designar ata dous xogadores/as de líbero** (especialistas en defensa) e dentro do número máximo que compoñen o equipo.

Só un/unha líbero pode estar na pista á vez.

3. Sistema de competición

- En todas as ligas, se xogarán unha liga regular (unha no campus de Coruña e outra no campus de Ferrol) a unha soa volta ou a dobre volta, dependendo do número de equipos inscritos.
- En función do número de equipos formaranse diferentes grupos dentro de cada modalidade deportiva.
- Os oito/catro primeiros de cada grupo de modalidade (en función dos equipos inscritos) xogarán unha fase final que ditaminará os tres primeiros clasificados de cada campus de cada unha das Ligas Universitarias. (*)
- Todos os partidos da ligas universitarias se xogarán de luns a xoves nas diferentes instalacións dispoñibles pola Área de Deportes.

-
- (*) *O sistema de competición poderá sufrir algunha modificación en función do número de equipos inscritos e durante o transcurso do campionato caso de haber equipos sancionados ou expulsados.*

O modo de puntuación das modalidades deportivas será o seguinte:

Modalidade	Vitoria		Derrota
	sets	puntos	puntos
Voleibol	2 - 0	3	0
	2 - 1	2	1

Duración dos encontros:

Modalidade	Duración
Voleibol	Mellor de 3 sets de 25 puntos (agás o terceiro) coa normativa actual (puntuá cada xogada), non rebasando nunca una hora a duración do mesmo. Nos dous primeiros sets o equipo que chegue a 25 puntos, con vantaxe de dous, gañará o set, ata un máximo de 27 puntos. Para ganar o terceiro set, será necesario chegar a 15 puntos, cunha diferenza de dous, sen límite de puntos. No caso de necesidade, o árbitro poderá facer un cronómetro conta atrás si o partido vai exceder o tempo estipulado para o desenvolvemento do mesmo Cada equipo poderá solicitar 1 tempo morto (de 1 minuto de duración) e 6 substitucións, en cada set. Os reemplazos do líbero non contan como substitucións e son ilimitados, pero debe haber unha xogada completada entre dous reemplazos.

Regulamentos técnicos:

Na liga universitaria utilizaranse o seguinte regulamentos técnico, sempre tendo en conta aquelas modificacións reflectidas neste regulamento:

- Voleibol: regras RFEVB

Al ser competición mixta, **la altura de la red se colocará a una altura intermedia** de 2,37 m.

Calendario, resultados e clasificacións:

Datas de competición: novembro-maio (consultar ás datas na web de Deportes no momento da inscrición dos equipos)

Instalación: Pavillón de deportes do campus de Elviña, os luns e os mércores de 18.00 a 20.00 horas.

Prazo de inscrición: setembro-outubro (consultar na web de Deportes)

Estas datas poderán sufrir algunha modificación en función do número de equipos inscritos e doutras causas alleas á Área de Deportes

Criterios de desempate na clasificación:

Entre equipos do mesmo grupo, en caso de empate a puntos, os criterios de desempate serán os seguintes

- 1.º O cociente de sets a favor e en contra, resultando ganador o que mais alto o teña.
- 2.º O maior cociente de puntos.
- 3.º Equipo sen sancións.
- 4.º De persistir o empate entre dous o mais equipos, aplicando os puntos 1 e 2, tomarase como base exclusivamente os partidos disputados entre os equipos empatados.

Todos os calendarios, resultados e clasificacións, así como os partidos aprazados e/ou pendentes de xogo, poderanse consultar, xornada a xornada, na páxina web da Área de Deportes.

4. Normativa

Réxime disciplinario

Árbitraxe

As persoas responsables do arbitraxe, e posibles asistentes, representan a máxima autoridade deportiva dentro do terreo de xogo. Será esta a responsable de que todos os participantes cumpran coa normativa de competición.

A súa función é a de dirixir e xulgar os partidos que forman parte das competicións internas universitarias. Todos os xogadores e capitáns dos equipos participantes deberán acatar e respectar as súas decisións.

Todos os equipos deberán de tratar o corpo arbitral co máximo respecto durante toda a competición. A Área de Deportes poderá aplicar importantes sancións, tanto individual como colectivamente, naqueles casos que entenda que o equipo arbitral non foi tratado con educación, respecto e compañeirismo.

Antes do inicio dos partidos, todos os compoñentes dos equipos deberán de presentar ao árbitro/a do encontro os seus carnés universitarios (físico ou virtual), ou, no seu defecto, o DNI, pasaporte ou carné de conducir en vigor.

Non poderá participar no encontro ningún/ha xogador/a que non cumpra o requisito anterior e que, ademais, non estea incluído na acta do partido. Só se poderán incluír xogadores/as na antedita acta aqueles que sexan autorizados pola Área de Deportes.

Son competencia dos árbitros/as, ademais daquelas que lles son inherentes segundo os regulamentos técnicos correspondentes, as seguintes:

- Recoller na Área de Deportes a acta correspondente a cada partido debidamente cuberta .
- Marcar a asistencia (na acta física ou na virtual da aplicación web) de cada participante en cada partido.
- Calquera incidencia que considere digna de ser mencionada deberá ser reflectida de forma concisa clara e obxectiva, especialmente aquelas derivadas de actos violentos, de faltas de respecto graves ou calquera incidente que perturbase o normal desenvolvemento do encontro, ademais de calquera sospeita relacionada co proceso de acreditación dos xogadores.
- Asinar a acta dixital e coidar de que os/as respectivos/as capitáns/as a asinen tamén.
- Subir as actas debidamente cumprimentadas a plataforma UDCXEST inmediatamente despois de rematar os encontros.
- Coidar da aplicación dos regulamentos e resolver as situacións deportivas e disciplinarias que xurdan durante os partidos.
- Expulsar un/ha xogador/a que cometa unha falta grave ou sexa responsable dunha conduta violenta, conforme os preceptos do regulamento técnico correspondente.

As persoas encargadas da arbitrase, xunto co persoal técnico da Área de Deportes, serán as únicas autoridades con capacidade para determinar se un encontro ten que ser suspendido atendendo a circunstancias (meteorolóxicas, de indisciplina dos xogadores, intervencións inaxeitadas do público...) que se

consideren graves.

Arbitraxe liga voleibol

As persoas que exercen as tarefas de arbitraxe teñen a responsabilidade do coidado do material e de cubrir correctamente as actas (a negligencia nesta tarefa poderá ser motivo de sanción ao equipo que pertenza o arbitro/a).

*Nesta liga universitaria de voleibol, **non haberán arbitraxe oficial**, sendo os equipos os que lles corresponda, os responsables de presentarse a cada partido cun/cunha árbitro/a e un/unha mesa. As actas estarán completamente cubertas, especificando claramente os xogadores/as, co motivo de poder controlar a participación. O acta debe estar correctamente cuberta e ser firmada por o/a árbitro/a principal, con nome e DNI. No caso de acta mal cuberta, se considerará que o arbitro non asistiu o partido a realizar a arbitraxe do partido con a conseguinte sanción.*

No calendario da liga, o equipo que apareza nomeado en primeiro lugar no primeiro partido, deberá quedarse a arbitrar o segundo partido, e o nomeado en primeiro lugar do segundo partido deberá presentarse a arbitrar o primeiro. No caso de que un equipo que figurase nomeado en primeiro lugar no calendario sexa expulsado do campeonato, será o seu correspondente rival o responsable de arbitrar mesa xornada.

No caso de incomparecencia arbitral (mesma sanción que si fose un equipo o que non aparece a xogar o partido), os equipos poden acordar a celebración do mesmo, co acordo dos dous capitans dos equipos, que reflexarán no acta ademáis da incomparecencia arbitral, o resultado final do mesmo coa súa sinatura e o seus nº do DNI.

Será a persoa responsable de cada equipo a encargada de escoller quen fará tarefas de arbitraxe ou de mesa, en representación do seu equipo, en cada partido que lle corresponda.

COMITÉ DE COMPETICIÓN E DISCIPLINA DEPORTIVA

Todas as sancións e recursos serán emitidas e valoradas polo Comité de Competición e Disciplina Deportiva que estará formado polos/as técnicos/as de actividades deportivas responsables das ligas en cada un dos dous campus da Universidade da Coruña

As alegacións ou recursos serán presentados (pola persoa implicada, no caso de ser individual, ou polo/a capitán/á, no caso de ser colectiva) por escrito mediante unha instancia que se presentará nas oficinas da Área de Deportes no prazo de tres días.

As resolucións do Comité poderán ser recorridas antes de tres días hábiles que comezarán a contar desde a súa notificación mediante un informe presentado nas oficinas da Área de Deportes ou a través do enderezo de correo infodeportes@udc.gal (A Coruña) ou deportesfer@udc.gal (Ferrol) nun prazo non superior a 3 días hábiles desde o momento da notificación.

O Comité tratará de responder o recurso nun prazo non superior a 7 días hábiles.

Calquera acción considerada como grave, será tratada polo Comité de Competición e Disciplina Deportiva da Área de Deportes como órgano competente no tema, e os equipos acatarán a súa decisión na súa calidade de xuíz supremo da competición.

A inscrición na Liga Universitaria implica a aceptación destas normas e de todas aquelas que a Área de Deportes decida engadir ou suprimir ao longo da competición, as cales serán publicadas nos taboleiros do Pavillón de Deportes ou comunicadas a través do correo electrónico ou da súa páxina web.

COMITÉ DE APELACIÓN

Composición:

- Un/unha presidente/a, que será o/a responsable da Área de Deportes
- Dous técnicos/as da Área de Deportes, un deles pertencente ao campus onde tivese lugar a competición.
- Un/unha árbitro/a
- As resolucións do Comité de Apelación esgotarán todas as vías de recurso dentro da organización das Ligas Universitarias.

5. Faltas, sancións e recursos.

Os/as xogadores/as e os equipos dos que forman parte poderán ser sancionados polo Comité de Competición, en virtude dos seus incumprimentos deportivos e disciplinarios, segundo a gradación das faltas que neste regulamento se establecen.

Estas faltas poden ser leves, graves ou moi graves, de carácter individual ou de carácter colectivo.

Faltas de carácter individual

Faltas leves

- o A reiteración de accións de protesta contra as decisións arbitrais.
- o A descualificación ou expulsión dun partido por causas deportivas.

Sancións:

- o As faltas de carácter leve corresponderalles unha sanción de entre un e catro partidos de suspensión na competición en que se cometeu a falta.

Faltas graves

- o Dirixirse aos/as árbitros/as, xogadores/as, persoal da Área de Deportes ou espectadores/as con menosprezo.
- o Cometer actos de desconsideración contra os/as árbitros/as, xogadores/as, persoal da Área de Deportes ou espectadores.
- o Realizar calquera manifestación, de feito ou de palabra, de forma irrespectuosa cara aos/as árbitros/as, xogadores/as, persoal da Área de Deportes ou espectadores/as con menosprezo.
- o Empregar medios violentos durante o xogo coa intención de producir ou producindo lesión.
- o A acumulación de dúas (2) faltas leves.

Sancións:

- o Ás faltas de carácter grave corresponderalles unha sanción que irá desde tres partidos de suspensión na competición en que se cometeu a falta, ata a inhabilitación do dereito de participación durante un curso nesa mesma modalidade deportiva.

Faltas moi graves

- o Agredir ou tentar agredir a un/ha contrario/a, a un/ha árbitro/a, a un/ha traballador/a da Área de Deportes ou a un/ha espectador/a.
- o Ameazar, coaccionar ou realizar actos vexatorios, de maneira verbal ou de feito, contra o/a árbitro/a, contra outros/as xogadores/as, contra o persoal da Área de Deportes ou contra os/as espectadores/as.

- o Insultar ou ofender de forma grave ou reiterada ao/á árbitro/a, a outros/as xogadores/as, ao persoal da Área de Deportes ou aos/as espectadores/as.
- o A acumulación de dúas (2) faltas graves.

Sancións:

- o Ás faltas de carácter moi grave corresponderalles unha sanción que irá desde a descualificación por un curso na participación nas ligas universitarias ata a descualificación a perpetuidade en todas as actividades organizadas pola Área de Deportes.

Faltas de carácter colectivo

Incomparecencias

- Para que un equipo poida considerarse como presentado a disputar un partido, o número de xogadores/as deberá ser o relacionado no seguinte cadro Número mínimo de xogadores/as por equipo para comezar os partidos:

Modalidade	Mínimo
Voleibol	5

Se un/unha xogador/a (excepto o porto de líbero) non pode continuar xogando por lesión/enfermidade ou expulsión/descualificación, deberá ser substituído legalmente. De non ser posible, o equipo estará autorizado para realizar unha substitución EXCEPCIONAL. Mesmo o xogador Líbero podería ser re-designado como xogador regular. **De non ser posible, o equipo será declarado INCOMPLETO.**

- As incomparecencias inxustificadas e sen aviso previo serán sancionadas coa perda do encontro e a resta de puntos, de acordo co seguinte cadro:

Modalidade	Puntos	Resultado
Voleibol	-2	2 sets a 0

- O Comité de Competición pode non aplicar a sanción consistente na resta de puntos cando o equipo infractor avise da súa incomparecencia cunha antelación que se estime suficiente e non sexa reincidente neste tipo de actuacións.
- Cando se sume a segunda incomparecencia inxustificada, excluírase

automaticamente ao equipo infractor da competición. En ningún caso, os seus integrantes poderán ser inscritos/as noutro equipo da mesma modalidade deportiva.

- Cando se acorde a exclusión dun equipo da competición ou se produza unha retirada voluntaria, considerarase, para os efectos da clasificación, que o equipo excluído ou retirado non participou na liga en que en principio competía; é dicir, eliminaranse da clasificación todos os resultados dos encontros xogados polo devandito equipo.
- No caso de non comparecencia a xogar un partido dunha competición por eliminatorias (Trofeo Reitor, fase de promoción, copa, ...) significará eliminatoria perdida e xa non se disputará o posible partido de volta.
- Por acordo do Comité de Competición, e logo de examinar as circunstancias que motivaron as incomparecencias, a exclusión poderá estenderse tamén ao curso seguinte, afectando non só ao equipo como colectivo senón tamén a cada un dos seus compoñentes de xeito individual.
- Demora
- A demora dun equipo nunca excederá os 10 minutos, tras os cales o/a árbitro/a e o/a capitán/á do equipo presente, de mutuo acordo, darán por concluído o encontro. Todo o acontecido debe figurar na acta, perfectamente cuberta e asinada. Poden escribir nela tanto os/as árbitros/as como os/as capitáns/á.
- Se ambos os equipos pactan comezar o encontro logo dos 10 minutos de espera, teranse en conta os seguintes puntos:
- O tempo de retraso do comezo do partido descontarase do período de descanso.
- No caso de ser necesario, restarase tempo de xogo da segunda parte dos partidos para que o remate deste non atrase o inicio do seguinte partido.

Aliñación indebida

Aliñación indebida de carácter moi grave:

- A aliñación de xogadores/as que non sexan membros da comunidade universitaria

Sanción: A expulsión inmediata da competición do equipo.

Aliñación indebida de carácter grave:

- A aliñación indebida de xogadores/as que non estean anotados/as na acta do

partido, incluídas as fichaxes que non aparezan na acta do encontro ou non estean validadas ou autorizadas pola Área de Deportes.

- A aliñación de xogadores/as que foron sancionados/as, e cuxa sanción foi notificada ao/a capitán/á do equipo, ou publicada na páxina web.
- A negativa a pasar a revisión de fichas a petición do/a árbitro/a.
- A aliñación de xogadores/as que non presenten a pertinente acreditación.
- Sanción: perda do encontro co mesmo resultado que se aplicaría no caso dunha incomparecencia.

Aliñación indebida de carácter leve

- A inscrición fóra de prazo dos/as xogadores/as.

Sanción: as aliñacións indebidas non prescriben, polo que poderán ser sancionadas en calquera momento da tempada.

Protestas, reclamacións e recursos:

- Os/as capitáns/ás dos equipos poderán formular por escrito á Área de Deportes as observacións, queixas ou suxestións que consideren oportunas en relación co desenvolvemento das ligas universitarias, en xeral, ou dalgún partido en concreto. A Área de Deportes facilitará o documento necesario en que o usuario deberá reflectir, con corrección, as incidencias que lle interese expor, e mesmo achegar as probas pertinentes se as houbese.
- Contra os acordos e as decisións do Comité de Competición poderá interpoñerse recurso de apelación dentro dos tres días hábiles seguintes ao da comunicación do acordo ou decisión que o motivase.
- En ningún caso, a presentación da reclamación ou a interposición do recurso suspenderá o cumprimento das sancións acordadas mentres non se deixen sen efecto.

Faltas de xogo

O comportamento antideportivo implican sanción tanto de xeito individual como colectivo se fose necesario. O Comité de Disciplina Deportiva da Área de Deportes da UDC será o órgano competente na materia de sancións.

- Descualificación nun partido supón a sanción de 1 partido, que será o que xogue o seu equipo na seguinte xornada.

ANEXO

DEPORTE: Voleibol
Situación real de juego
<i>Sanciones:</i> <i>Amonestación:</i> non é sanción. Paso 1: advertencia verbal Paso 2: se mostra tarxeta amarela <i>Castigo:</i> é sanción. Se mostra tarxeta bermella (supón un punto e saque para o rival) <i>Expulsión:</i> é sanción. Se mostran tarxeta bermella e amarela xuntas (supón un punto e saque para o rival e o xogador/a sancionado non poderá xogar o resto do set) <i>Descualificación:</i> é sanción. Se mostran as tarxetas bermella e amarela separadas (supón un punto e saque para o rival e o xogador/a sancionado non poderá xogar o resto do partido, sufrindo a súa conseguinte sanción no/s seguintes partidos). Un/unha xogador/a expulsado ou descualificado deberá ser substituído inmediatamente mediante unha substitución legal. Se isto non é posible, o equipo ten dereito a realizar unha substitución excepcional. De non ser posible, o equipo será declarado INCOMPLETO.

A Área de Deportes, única responsable da organización da competición, decidirá sobre os aspectos non reflectidos nesta normativa.

6. Aprazamentos

Cada equipo terá dereito a aprazar **1 partido** durante a fase regular da Liga, e outro durante a competición por eliminatorias.

Os aprazamentos deberán ser solicitados polos capitáns/ás dos equipos e atendendo ás seguintes normas:

- Ter unha causa de forza maior xustificada: exames, prácticas, viaxes de estudos etc.
- Dirixirse á Área de Deportes, ou por correo electrónico, cunha antelación mínima de 3 días (72 horas) respecto da data orixinal de celebración do partido.
- **Nas dúas últimas xornadas de liga non se concederán aprazamentos.**
- Todos os encontros aprazados terán que disputarse antes destas dúas últimas xornadas.
- En todo correo electrónico ou escrito de solicitude de aprazamento consignarase os seguintes datos:
 - Modalidade deportiva
 - Categoría e grupo
 - Equipo que solicita o aprazamento e equipo contrario
 - Data e horario do partido
- Para ter validez a solicitude de aprazamento, a Área de Deportes enviará un correo electrónico aos dous equipos e ao/a árbitro/a coa confirmación do aprazamento.

Instalacións deportivas

Todos os integrantes dos equipos deberán de coidar e utilizar de forma correcta as instalacións deportivas asignadas pola Área de Deportes para o desenvolvemento das ligas universitarias. No caso de producirse algún estrago polo mal uso da instalación por parte dos/das participantes, a Área de Deportes poderá pedir responsabilidades ás persoas infractoras.

Cadro de dispoñibilidade horaria na que se poden xogar os partidos das diferentes modalidades deportivas. Os horarios definitivos publicaránse no momento da organización do calendario de partidos:

Campus da Coruña

Modalidade	Instalación	Horarios
Voleibol	Pavillón de Deportes campus de Elviña	Luns e mércores 18:00 – 20:00 h

7. Material

É obrigatorio que cada equipo se presente ao partido cun balón, por se no transcurso do encontro se extravía, pincha ou lle ocorre algo ao facilitado pola organización.

Os/as integrantes de cada equipo deberán xogar **os partidos cunha vestimenta uniforme e con numeración** diferenciada, **con excepción dos/as líberos cuxo uniforme debe contrastar claramente** coa vestimenta do resto dos xogadores e debe estar numerado como o resto do equipo.

No caso de coincidencia de cores, será o equipo mencionado en segundo lugar no calendario o que troque a cor da súas camisetas.

Todas as actas terán que estar asinadas dixitalmente polos dous/dúas capitáns/ás do equipo e o/a arbitro/a do encontro. Desta maneira, ambos os equipos acatan todo o reflectido nela (resultado e incidencias) de cara a unha posible reclamación, sanción ou recurso.

Calquera anomalía no material debe aparecer reflectida na acta do encontro (o material, lembremos, é de todos/as e debemos coidalo) Naqueles casos en que a Área de Deportes teña constancia de que o material non é tratado como debe ou se producen perdas, poderá emitir a sanción (tanto individual como colectiva) correspondente.

8. Asistencia médica

En caso de lesión, todos os membros da comunidade universitaria poderán recibir asistencia médica logo da demostración da súa condición de universitarios/as e do pagamento do importe do seguro escolar.

Nestes casos, e antes de visitar o centro médico, deberán acudir ás oficinas da Área de Deportes e cubrir un certificado de accidente, dando constancia da actividade, a data e o tipo de lesión que sofre. Posteriormente, deberán de presentalo na Secretaría do centro universitario onde estean matriculados/as.

Unha vez rematados os anteditos trámites, poderá acudir ao centro médico correspondente.

No caso de urxencia, poderán acudir directamente ao centro médico e efectuar posteriormente os trámites anteriores.

Maís información sobre seguros nas seguintes ligazóns:

<https://www.udc.es/es/sape/seguros/?language=gl>

https://www.udc.es/es/deportes/abono_deporte/

Calquera erro ou dúbida que poida xurdir, pódese consultar nas oficinas da Área de Deportes do Pavillón Polideportivo do campus de Elviña ou no Centro Cultural Universitario do campus de Ferrol (de luns a venres, de 8:30 a 14:30 h.) ou nos correspondentes enderezos de correo electrónico: infodeportes@udc.gal / deportesfer@udc.gal.

O campionato é de tod@s e entre tod@s debemos facer que funcione!

GRAZAS

